FIRMADO POR Juan Carlos Carril Pérez (FECHA: 31/05/2022 14:58:00) , José Marcote Suárez (FECHA: 01/06/2022 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: 4sMbgaMHTZcantPguXAX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Juan Carlos Carril Pérez (FECHA: 31/05/2022 14:58:00) , José Marcote Suárez (FECHA: 01/06/2022 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: 4sMbgaMHTZcantPguXAX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



| financeiramente sostibles) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | | | Orzamento Total |
| | | Achega municipal | IVE soportado deducible (só abastecem. Auga potable) | Total Concello | |
| Mellora do firme na rúa Lagares (Sardiñeiro) Fase I | 35.118,60 € | 4.328,84 € | | 4.328,84 € | 39.447,44 € |
| Mellora do firme na rúa Lagares (Sardiñeiro) Fase II | 31.741,40 € | 5.883,51 € | | 5.883,51 € | 37.624,91 € |
| Subtotal investimentos achega provincial 2021 | 66.860,00 € | 10.212,35 € | | 10.212,35 € | 77.072,35 € |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Resumo:

| | | | Concello | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| POS+2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO | | Deputación | Concello | IVE Soportado deducible (só abastecem. Auga potable) | Total Concello | Orzamento Total |
| A-GASTOS CORRENTES | Achega 2022 | 30.075,77 € | | | | 30.075,77 € |
| | Achega 2021 (Excep. Base 2.1) | | | | | |
| B-INVESTIMENTOS | Achega 2022 | 83.295,55 € | | | | 83.295,55 € |
| | Achega 2021 | 66.860,00 € | 10.212,35 € | | 10.212,35 € | 77.072,35 € |
| C - REDUCIÓN DÉBEDA | Préstamos 2022 | | | | | |
| | Achega 2022 | | | | | |
| | Achega 2021 | | | | | |
| | Préstamos 2022 | | | | | |
| | TOTAL | 180.231,32 € | 10.212,35 € | | 10.212,35 € | 190.443,67 € |

2º) Dar conta deste acordo á Excema. Deputación Provincial para o seu coñecemento e demais efectos.

**7º) MOCIÓNS DE GRUPOS POLITICOS.**

A) Moción do grupo BNG relativa ás actuacións que deben impulsar os gobernos galego e central para mitigar o impacto do medre disparado da inflación na sociedade e economía galegas.

CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Exposición de Motivos

Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofre a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas e que, aínda que agravada pola guerra de Ucraína e o impacto na comercialización do gas ou do cereal, xa se viña producindo durante o 2021 e os primeiros meses de 2022.

A inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun pais. Isto provoca unha perda xeneralizada do poder de compra do diñeiro no tempo. Por tal motivo coñécese como o "imposto dos pobres" porque, cos mesmos cartos podemos enfrontar menos pagamentos e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerabeis e con menos recursos. E , polo tanto, un problema económico e social de primeira orde.

A taxa de inflación interanual en Galiza no pasado mes de febreiro foi do 8% e, outro mes máis, supera a rexistrada no conxunto do Estado (7,6%). Isto quere dicir que en febreiro de 2022 as galegas e os galegos eramos un 8% mais pobres que un ano antes. Así, por exemplo, a electricidade subiu no estado español un 111,5% no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado. O diésel subiu un 29% e a gasolina un 25,9 % con respecto a febreiro do ano pasado. A bombona de butano nunca custou tanto: pasou dos 13,3 € hai un ano a 18,63 € agora (un 40% máis cara). Porén, non subiu só a enerxía, tamén o fixeron os alugueiros ou algo tan básico coma os alimentos (segundo a FAO o prezo dos alimentos a nivel mundial está no seu nivel máis alto dos últimos 60 anos).

A suba xeneralizada de prezos que estamos a vivir non está provocada por unha única causa. Son varios os elementos que están a provocar esta situación. A guerra agrávaa, máis a situación xa viña de antes e a pandemia tampouco explica todo. Vivimos ademais un contexto de escaseza de materias primas, problemas de subministro a nivel mundial, perda do control público sobre sectores clave como a enerxía, etc. O máis importante é que a suba de prezos está condicionada por decisións políticas, que poden empeorar ou aliviar os seus efectos. Polo tanto, hai marxe para actuar e evitar que as maiorías sociais paguen esta crise mentres grandes empresas como as da banca ou as eléctricas multiplican beneficios.

En outubro de 2021 a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2020 e sinalaba como xa entón 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social e estes datos aínda non reflicten o impacto total da pandemia polo que a situación que estamos a vivir van empeoralos. Ademais, en Galiza agrávase o impacto polo peso do sector pesqueiro e agro-gandeiro, por termos moitas industrias electrointensivas, depender do comercio por vía marítima e estrada, polas carencias históricas en transporte publico, pola dispersión poboacional, pola estafa das peaxes... e sobre todo porque desde a Xunta e desde Madrid toman decisións contrarias aos nosos intereses, como rebaixar os impostos a quen mais ten, permitir os privilexios do lobby eléctrico ou incrementar o gastos militar no lugar de atender outras necesidades.

A situación é insoportable e non podemos permitir que goberno central e Xunta sigan de brazos cruzados. E necesario, a medio e longo prazo, impulsar un cambio estrutural na nosa economía que nos faga mais resistentes a este tipo de situacións,

FIRMADO POR Juan Carlos Carril Pérez (FECHA: 31/05/2022 14:58:00) , José Marcote Suárez (FECHA: 01/06/2022 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: 4sMbgaMHTZcantPguXAX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

mais e hora tamén de tomar medidas urxentes para que non haxa un empobrecemento drástico e non se pode agardar semanas para actuar.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS.

1. Demandar do goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega, medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través unha tarifa estabel que garanta prezos máximos a medio prazo e a prohibición os cortes das subministracións básicas de forma permanente.

2. Demandar do goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas.

3. Demandar do goberno central o Incremento das pensións e dos salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.

4. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos títulos de transporte público, tanto ferroviario como por estrada.

5. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a protección do sector agro-gandeiro e marítimo-pesqueiro evitando a venda a perdas, impulsado a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustibles.

6. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores mais vulnerabeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague mais quen mais ten e se distribúa a riqueza.

7. Demandar do goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galiza para a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de Inclusión Social de Galiza (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación.

8. Demandar do goberno central intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas mais baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais.

9. Demandar do goberno central a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado.

10. Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia

FIRMADO POR Juan Carlos Carril Pérez (FECHA: 31/05/2022 14:58:00) , José Marcote Suárez (FECHA: 01/06/2022 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: 4sMbgaMHTZcantPguXAX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

machista conforme ó IPC e aprobar sen mais dilación o Plan de Choque contra a pobreza en familias Monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento.

Despois dunha serie de intervencións sobre o asunto en cuestión, o Pleno da Corporación, por catro (4) votos en contra do grupo socialista) dous (2) votos a favor do grupo BNG, e cinco (5) abstencións do grupo popular, acorda rexeitar a moción do grupo BNG en todo o seu contido.

B) Moción do grupo BNG de apoio ao Pobo Saharauí.

Exposición de Motivos

Diante da decisión do goberno español de asumir a postura de Marrocos de non respectar o dereito de autodeterminación do pobo saharauí, o BNG mostra o total rexeitamento á mesma. Esta supón a asunción da posición e discurso da ditadura marroquí sobre o Sáhara Occidental, aceptando o seu plan de autonomía, que na práctica significa a anexión por Marrocos do territorio saharauí.

Consideramos a postura do goberno español como unha traizón ao pobo saharauí, xa que prégase aos intereses de Marrocos e vai en contra de todos os acordos adoptados até o momento polas institucións internacionais, que unanimemente se teñen pronunciado a favor do dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación, por medio dun referendo entre a súa poboación.

A postura do goberno español supón lexitimar a ocupación por parte de Marrocos, a represión, a violación dos dereitos humanos e o roubo das riquezas existentes en territorio saharauí. Ademais demostra que a política exterior do goberno español se alinea claramente cos posicionamentos dos EUA e Israel, dous estados coñecidos pola súa política imperialista de agresión a outros pobos, e apoio a réximes antidemocráticos, coma é o caso da monarquía marroquí.

Esta decisión aumenta a situación de tensión nunha rexión na que a provocación de Marrocos en novembro de 2020, levou ao reinicio do enfrontamento bélico entre os exércitos saharauí e marroquí.

Supón a asunción de parte, e por tanto impide que o estado español poida xogar o papel que lle corresponde no proceso de descolonización como potencia administradora, en base á Carta das nacións unidas e aos acordos sobre descolonización da última colonia existente no continente africano.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Mostrar o seu firme apoio ao pobo saharauí, e ao seu único e lexítimo representante o Frente Polisario, na súa loita contra a ocupación militar e polo exercicio pleno do dereito de autodeterminación e a independencia.

2. Esixir do goberno español:

FIRMADO POR Juan Carlos Carril Pérez (FECHA: 31/05/2022 14:58:00) , José Marcote Suárez (FECHA: 01/06/2022 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: 4sMbgaMHTZcantPguXAX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

a) A rectificación da decisión de asunción da posición e discurso da ditadura marroquí sobre o Sáhara Occidental, e polo tanto defender o dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación por medio dun referendo, tal como recoñecen todos os acordos adoptados até o momento polas institucións internacionais, a empezar pola ONU, que unanimemente se teñen pronunciado neste sentido.

b) Que esixa a Marrocos que cese de inmediato a sistemática violación dos dereitos humanos da poboación saharauí que vive nos territorios ilegalmente ocupados do Sáhara Occidental.

Despois dunha serie de intervencións sobre o asunto en cuestión, o Pleno da Corporación, por sete (7) votos a favor (5 do grupo Popular e 2 do grupo BNG) e catro (4) votos en contra do grupo socialista, acorda aprobar a a moción do grupo BNG en todo o seu contido.

**8º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.**

Para cumprir co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía, que van do número 2022/G003/00000041 de 1/02/2022 ata a número 2022/G003/00000138 de 5/04/2022.

Así mesmo, dáse conta da resolución número 2022/G003/000137 de 31/03/2022, pola que se aproba a liquidación do orzamento xeral de 2021.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

**Fóra da orde do día, declarado de urxencia, ratificada a mesma por unanimidade dos asistentes, procedese a tratar o seguinte punto:**

**A) MODIFICACIÓN DE CREDITO 4/2022, NA MODALIDADE DE CREDITO EXTRAORDINARIO, FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS, POR IMPORTE DE 10.000,00 €**

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que visto que existen gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte para os que non existe crédito no vixente orzamento da corporación, e dado que se dispón de remanente de tesourería para gastos xerais segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, o Sr. Alcalde-Presidente propuxo a concesión dun crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais.

Visto que con data 7/04/2022, emitiuse a Memoria do Sr. Alcalde na que se especificaban a modalidade da modificación de crédito, a financiación da operación e a súa xustificación.

FIRMADO POR Juan Carlos Carril Pérez (FECHA: 31/05/2022 14:58:00) , José Marcote Suárez (FECHA: 01/06/2022 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: 4sMbgaMHTZcantPguXAX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Visto que con data 7/04/2022, emitiuse informe de secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que con data 7/04/2022, emitiuse informe de intervención polo que se informou favorablemente a proposta da Alcaldía e con esa mesma data elaborouse o informe de intervención sobre o cálculo da estabilidade orzamentaria.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **o Pleno da Corporación, adopta por 6 votos a favor, (4 PSOE e 2 BNG) e cinco abstencións do grupo Popular, adopta o seguinte**

ACORDO

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 4/2022, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior, por importe de **dez mil euros** (10.000,00 €), de acordo co seguinte resumo por capítulos:

**Estado de Gastos**

| APLICACION | | DESCRICIÓN | CREDITOS INICIAIS | CREDITO EXTRAORDIN. | CREDITOS FINAIS |
|---|---|---|---|---|---|
| PROGR. | ECONO. | | | | |
| 241 | 460.00 | Achega municipal Obradoiro Emprego "Camiño do solpor" | 0,00 € | 10.000,00 € | 10.000,00 € |
| | | **TOTAL** | **0,00 €** | **10.000,00 €** | **10.000,00 €** |

Esta modificación financiase con cargo o Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

**Estado e Ingresos**

| Aplicación Económica | | | Descrición | Euros |
|---|---|---|---|---|
| Cap. | Art. | Conc. | | |
| 870 | 00 | | Remanente de Tesourería para gastos xerais | 10.000,00 € |
| | | | **Total Ingresos** | **10.000,00 €** |

Ademais queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

FIRMADO POR Juan Carlos Carril Pérez (FECHA: 31/05/2022 14:58:00) , José Marcote Suárez (FECHA: 01/06/2022 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: 4sMbgaMHTZcantPguXAX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2º) Expoñer este expediente ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

B) Moción conxunta do grupo BNG e do grupo Popular sobre a embarcación Vila de Pitanxo.

EXPOSICION DE MOTIVOS

Nas últimas semanas o Goberno de España comprometeuse publicamente na procura de medios para descender, tras localizalo, ao buque “Villa de Pitanxo”.

Transcurrido un tempo máis que razoábel, e tras a falta de noticias, indicase que non se realizará esta operación, o que xera vergonza e dor pola clara falta de respecto aos 21 falecidos, as súas familias e a toda a xente do mar.

Sumado á falta de humanidade e empatía que xera este feito, hai que sinalar que a escusa de non poder atopar os corpos ou a imposibilidade de acceder ao interior da nave non é obstáculo para acometer o descenso até o barco afundido, e poder obter imaxes da situación e circunstancias nas que se atopa buque.

Ademáis, a Fiscalía indicou a existencia de indicios de homicidio imprudente no afundimento do “Villa de Pitanxo”, cuestión pola cal, e agora máis ca nunca, o visionado do estado do barco arroxaría datos para o bo discorrer da investigación e, consecuentemente, para o esclarecemento da verdade.

Por iso, sometemos o seguinte ACORDO AO PLENO para o seu debate e aprobación, se procede:

INSTAR ao Goberno de España a posta en marcha dunha operación de traballo subacuático que permita localizar o buque “Villa de Pitanxo”, descender ao mesmo e elaborar un traballo fotográfico e audiovisual sobre o estado do mesmo, así como recoñecer a súa contorna e zona exterior do buque para verificar a localización dos corpos dos tripulantes desaparecidos

INSTAR a que se cumpra o compromiso adquirido de baixar ao buque.

Despois dunha serie de intervencións sobre o asunto en cuestión, o Pleno da Corporación, por sete (7) votos a favor (5 do grupo Popular e 2 do grupo BNG) e catro (4) votos en contra do grupo socialista, acorda aprobar a a moción conxunta do grupo BNG e do grupo Popular en todo o seu contido.

FIRMADO POR Juan Carlos Carril Pérez (FECHA: 31/05/2022 14:58:00) , José Marcote Suárez (FECHA: 01/06/2022 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: 4sMbgaMHTZcantPguXAX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

C) Moción do grupo municipal Popular para paliar o impacto económico da invasión de Ucraína.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia está ao carón dos esforzos que está a desenvolver a Unión Europea e os gobernos dos distintos Estados membros, incluído o Goberno de España, reivindicando o restablecemento da legalidade internacional e da paz tras a invasión de Ucraína por parte de Rusia, tendo como guía nesta crise os principios e valores democráticos e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Preámbulo do Tratado de constitución da Alianza do Atlántico Norte e na Constitución Europea.

De feito, desde a Comunidade galega se condena esta agresión inxustificada e se amosa unha total disposición a colaborar nunha resposta humanitaria coordinada co Goberno central en apoio ao pobo ucraíno. Neste sentido, Galicia ten comunicado a disposición de máis de 1.400 prazas de acollida para refuxiados entre as habilitadas pola Xunta, concellos e entidades sociais; ao tempo que ten ofrecido preto de 500 camas nas sete áreas sanitarias con espazo específico para pacientes pediátricos e pacientes con tratamento oncolóxico, e traballar de forma activa na axuda humanitaria.

Pero, as incertezas que se derivan desta situación, unha das mais graves vividas en Europa desde a segunda guerra mundial, están a provocar un excepcional impacto económico no tecido produtivo e nas familias, que están a facer fronte a unha escalada sen precedentes no relativo aos prezos enerxéticos, así como á escaseza dalgunhas materias primas esenciais na cadea agro-mar-industria e outras industrias. Ademais, empresas presentes nestes dous países ou que lles viñan exportando os seus produtos e servizos vense afectados por unha contracción dos seus mercados, ao igual que as localidades turísticas que acollían a súa cidadanía.

Como consecuencia , faise necesario adoptar medidas urxentes para que os sectores como a industria, o agro e o mar poidan continuar coa súa actividade, mantendo o emprego, e para que as familias poidan facer fronte as súas facturas.

Por todo iso, o grupo municipal Popular no Concello de Fisterra, presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS

O concello de Fisterra insta ao Goberno de España que faga efectivo o compromiso asumido na declaración pactada na Conferencia de Presidentes celebrada este domingo, 13 de marzo de 2022, e poña en marcha as medidas urxentes necesarias para minimizar as consecuencias socioeconómicas nas empresas e nos cidadáns tras a invasión de Ucraína e, entre elas, as seguintes:

1) Baixada dos impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e o gasóleo. En particular:

a) Reducir o Imposto Especial aos Hidrocarburos contemplado no artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de Impostos Especias, aos niveis mínimos de imposición aplicables aos carburantes, apuntados no Anexo I da Directiva 2003/96/CE do Consello do 27 de outubro de 2003, de maneira provisional e en tanto persista a excepcional situación de prezos.

FIRMADO POR Juan Carlos Carril Pérez (FECHA: 31/05/2022 14:58:00) , José Marcote Suárez (FECHA: 01/06/2022 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: 4sMbgaMHTZcantPguXAX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

b) Aplicar un tipo impositivo súper reducido do 4% do IVE á subministración de gas natural.

c) Instar á Comisión Europea á modificación da Directiva 2006/112/CE do consello, do 28 de novembro de 2006, relativa ao sistema común do Imposto sobre o Valor Engadido, para que contemple a aplicación dun tipo impositivo reducido aos carburantes de automoción, así como a suspensión dos tipos mínimos do Imposto Especial de Hidrocarburos establecidos na 2003/96/CE do Consello, do 27 de outubro de 2003, de maneira provisional e en tanto persista a excepcional situación de prezos.

d) Estender as medidas fiscais adoptadas polo Goberno para mitigar a escalada da factura eléctrica ata o 31 de decembro de 2022 e incrementar a redución temporal do IVE para que pase do actual 10% ao 4%.

e) Xerar, para o sector marítimo-pesqueiro, medidas de análogo impacto ou obxectivo que as reducións impositivas demandadas para o gasóleo e gasolina, amais de demandar unha oposición firme e contundente contra as propostas de eliminación das bonificacións dos combustibles dos buques pesqueiros promovidas no marco da Unión Europea e da Organización Mundial do Comercio.

2) Medidas específicas para os sectores máis afectados: transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería e turismo. Incluída a exención temporal das cotizacións á Seguridade Social para alixeirar a carga que están a padecer estes sectores.

3) Rectificar a política enerxética abrupta que se vén levando a cabo e apostar por unha transición planificada, proporcional e xusta.

4) Reverter o incremento xeneralizado de impostos, descartando a implantación de peaxes nas autovías que suporían novas cargas para as familias e os sectores produtivos esenciais.

5) Impulsar un plan nacional de produtos estratéxicos para garantir a subministración de produtos básicos á poboación e no que se priorice a produción no mercado interior para afondar de maneira mais ordenada posible a carencia de materias primas e compoñentes.

6) Intensificar a flexibilización da normativa de contratación pública vixente, axilizando os procesos de contratación levados a cabo polas administracións públicas evitando trabas e custos desproporcionados.

7) Aplicar unha cogobernanza real dos fondos de recuperación Next Generation coas Comunidades Autónomas e axilizar a súa execución mediante criterios de selección xustos e transparentes, dando prioridade ao impulso de PERTEs que se axusten ás necesidades dos sectores claves para Galicia e a súa posta a disposición do tecido produtivo.

8) Aplicar as modificacións dos créditos orzamentarios dos Orzamentos Xerais do Estado para 2022 que resulten necesarias para reducir gasto improdutivo.

FIRMADO POR Juan Carlos Carril Pérez (FECHA: 31/05/2022 14:58:00) , José Marcote Suárez (FECHA: 01/06/2022 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: 4sMbgaMHTZcantPguXAX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

9) Aplicar unha flexibilización temporal das mediadas normativas de limitación de importación de materias primas para o sector transformador de produtos do mar (principalmente aceites).

10) Demandar da Unión Europea unha ampliación da flexibilidade internanual das cotas de pesca mediante a realización da distribución de TAC e cotas cara ao ano 2023 ou de adianto das posibilidades de pesca do próximo ano, atendendo á situación de escaso consumo ou caída de capturas e descargas durante este episodio de carestía de combustible.

Así mesmo, Concello de Fisterra insta á Xunta de Galicia a analizar, xunto cos sectores máis afectados polas consecuencias da invasión de Ucraína (transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería, turismo ...) e, en coordinación coas políticas que ao efecto se impulsen pola Unión Europea e polo Goberno de España, a poñer en marcha aquelas medidas necesarias, no ámbito das súas competencias, coa finalidade de mitigar a situación pola que atravesan os mencionados sectores. En particular, impulsar e executar as medidas incluidas no plan de choque elaborado pola Xunta de Galicia, en concreto:

1) Activar o Bono Social Térmico para axudar aos fogares en situación de vulnerabilidade a afrontar os gastos de calefacción, auga quente e cociña, o do complemento autonómico de 100 € aprobado no Consello do pasado xoves, 30 de marzo.

2) Reforzar as medidas activas no plan de aforro enerxético para as familias, solicitando ao goberno fondos para duplicar o impulso do autoconsumo eléctrico e as renovables térmicas nos fogares galegos (calefación e auga quente).

3) Ampliar o programa Renova Automoción para seguir fomentando a compra de vehículos eficientes.

4) Axudar a pequenas e medianas empresas, cunha nova liña de avais de IGAPE-SGR destinada a cubrir as necesidades de liquidez, e a realizar investimentos en elementos produtivos que axuden a facer fronte á actual situación.

5) Desenvolver un programa de prestamos directos o IGAPE para a industria manufactureira que está a sufrir un maior impacto, así como habilitar os mecanismos necesarios para flexibilizar a devolución dos préstamos e avais directos da Xunta.

6) Activar o Bono Enerxía PEME, dirixido a comercios, hostalería e pequenas e medianas empresas para equipos que reduzan o consumo enerxético.

7) Activar o bono Turístico como efectos dinamizador do consumo interno e axilizar as axudas para a dixitalización e eficiencia enerxética neste ámbito.

8) Inxección extraordinaria para blindar o transporte público por estrada fronte á subida dos carburantes. E traballar na extensión deste compromiso ao sector do transporte sanitario urxente e non urxente, sociosanitario, educativo.

9) Inxectar liquidez ao sector gandeiro pola vía do financiamento de circulante (avais, subsidios de tipo de xuro, ...) e do anticipo de axudas da PAC.

FIRMADO POR Juan Carlos Carril Pérez (FECHA: 31/05/2022 14:58:00) , José Marcote Suárez (FECHA: 01/06/2022 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: 4sMbgaMHTZcantPguXAX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

10) Crear o Observatorio da cadea alimentaria galega como organismo emisor de informes sobre a situación económica dos diferentes ámbitos do sector primario galego.

11) Crear a Axencia de Información e Control Alimentario de Galicia para dar cumprimento ás obrigas da Lei da cadea alimentaria, singularmente a prohibición da venda a perdas.

12) Poñer en marcha o Observatorio lácteo, onde se escenificará a relación entre os elos desta cadea de valor.

13) Activar as medidas económico-administrativas que sirvan como compensación aos profesionais do mar mediante o pago de dous meses das taxas portuarias que tinxen a esta actividade.

14) Inxectar liquidez no sector do mar mediante a axilización do abono de axudas concedidas, de forma análoga á liña de xestión realizada durante a pandemia provocada pola covida-19.

Despois dunha serie de intervencións sobre o asunto en cuestión, o Pleno da Corporación, por sete (7) votos a favor (5 do grupo Popular e 2 do grupo BNG) e catro (4) votos en contra do grupo socialista, acorda aprobar a a moción do grupo Popular en todo o seu contido.

9) ROGOS E PREGUNTAS

- O voceiro do grupo popular Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta: ¿como está o tema do Paseo Marítimo da Praia Langosteira, no relativo ás inundacións que tiñamos cada ano?

- O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSdeG) contesta que este ano choveu pouco, pero limpouse o cauce do rio polo que este ano non deberíamos ter ese problema.

- O voceiro do grupo popular Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta: ¿aquelas actas que viñeran sen asinar pola secretari, ¿Que pasou con elas?

- O secretario interventor accidental, Juan Carlos Carril Pérez, contesta que intentou poñerse en contacto por mail coa anterior secretaria Marta Cajide, sen resultado.

- O voceiro do grupo popular Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta: ¿Tendes coñecemento do estado no que se encontra a área de recreo de Suarriba?

- O Sr. Tenente de Alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira (grupo BNG), contesta que vanse realizar diversas actuacións como desbrozar a herba, reparar a barbacoa, etc.

FIRMADO POR Juan Carlos Carril Pérez (FECHA: 31/05/2022 14:58:00) , José Marcote Suárez (FECHA: 01/06/2022 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: 4sMbgaMHTZcantPguXAX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- O voceiro do grupo popular Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta: ¿Que actuacións hai previstas realizar no Paseo Marítimo de Sardiñeiro, xa que está en moi mal estado?

- O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSdeG) contesta que estamos preparando un proxecto, imos cambiar o banco e a ver se nos deixan arranxar o pavimento, ampliar a barandilla na zona que coincide co rio.

- O voceiro do grupo popular Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta sobre o expediente de pavimentación das casas baratas

- O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSdeG), contesta que está no POS, a ver se o conceden, pero antes de maio non temos previsto nada.

- O voceiro do grupo popular Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta sobre a planta alta do mercado.

- O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSdeG), contesta que como a licitación que fixemos para esa obra quedou deserta por ter un escaso orzamento, temos que renovar a solicitude. A obra, na actualidade, está nun 30% sobre o orzamento anterior. Modificaremos o proxecto e voltaremos a solicitar a subvención nominativa.

ROGOS

- O voceiro do grupo popular Sr. José Manuel Traba Fernández, realiza os seguintes ROGOS:

1º) Que se coloque a foto do Rei no salón de sesións.

2º) Que con cada convocatoria de pleno, se lle entregue a cada grupo político, unha copia en papel da documentación que se vaia a tratar.

E non tendo mais asuntos dos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión sendo as 21:45 horas, do que, como secretario-accidental, dou fe.

FIRMADO POR Juan Carlos Carril Pérez (FECHA: 31/05/2022 14:58:00) , José Marcote Suárez (FECHA: 01/06/2022 09:59:00)
Versión imprimible
CVD: 4sMbgaMHTZcantPguXAX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.